

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

| Código   | Centro           | Concello   | Ano académico |
|----------|------------------|------------|---------------|
| 15027897 | Paseo das Pontes | Coruña (A) | 2023/2024     |

**Ciclo formativo**

| Código da familia profesional | Familia profesional     | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo                              | Grao                               | Réxime                 |
|-------------------------------|-------------------------|---------------------------|--|------------------------------------|------------------------|
| INA                           | Industrias alimentarias | CSINA02                   | Procesos e calidade na industria alimentaria | Ciclos formativos de grao superior | Réxime xeral-ordinario |

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

| Código MP/UF | Nome  | Curso     | Sesiós semanais | Horas anuais | Sesiós anuais |
|--------------|---|-----------|-----------------|--------------|---------------|
| MP0465       | Tratamentos de preparación e conservación dos alimentos | 2023/2024 | 6               | 160          | 160           |
| MP0465_13    | Acondicionamento, transformación e elaboración          | 2023/2024 | 6               | 40           | 40            |
| MP0465_23    | Tratamentos de conservación                             | 2023/2024 | 6               | 80           | 80            |
| MP0465_33    | Envasamento e embalaxe                                  | 2023/2024 | 6               | 40           | 40            |

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

|                                |                      |
|--------------------------------|----------------------|
| Profesorado asignado ao módulo | IVÁN GONZÁLEZ LOSADA |
| Outro profesorado              |                      |

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Tratamentos de preparación e conservación dos alimentos é un dos módulos que permiten acadar o título de técnico superior en procesos e calidade na industria alimentaria. Sendo o Decreto 119/2011, do 3 de xuño, o que establece o currículo deste ciclo superior.

Este currículo adaptáremolo ao alumnado así como ao ámbito produtivo do CIFP Paseo das Pontes en A Coruña.

O alumnado, procede tanto do entorno urbano no que se atopa o centro como doutros puntos da cidade, da provincia e incluso de provincias limítrofes. A formación base deste alumnado é moi variada, dende alumnos con proba de acceso, con bacharelato de humanidades ou científico, alumnado que está a rematar ou xa rematou estudos universitarios, e mesmo persoal que xa está a traballar dun xeito u outro no sector alimentario. Isto dificulta en moitos casos a docencia, ao seren grupos con alumnado moi heteroxéneo en canto a coñecementos, aptitudes e actitudes.

En canto ao ámbito produtivo do CIFP Paseo das Pontes en A Coruña, caracterízase por presentar numerosas industrias alimentarias de diversos subsectores, tanto nos polígonos industriais próximos a cidade como no resto da provincia, o cal, constitúe un contorno produtivo atractivo e con empregabilidade. En concreto a programación deste módulo adaptará o currículo aos subsectores seguintes: panadaría, cervexaría, lácteo, pesca, cárnico e conservas vexetais.

Así pois, tendo en conta alumnado e ámbito produtivo, a formación do módulo permite alcanzar os seguintes obxectivos xerais do ciclo formativo:

- Analizar os procesos produtivos, caracterizando as operacións inherentes ao proceso, os equipamentos, as instalacións e os recursos dispoñibles para os planificar.
- Identificar técnicas de programación e xestión da produción, e describir os seus fundamentos e procedementos de aplicación, para programar e organizar a produción alimentaria.
- Caracterizar as operacións de elaboración de produtos alimentarios, e describir as técnicas e os seus parámetros de control, para as conducir.
- Analizar as operacións de envasamento, embalaxe e etiquetaxe, e identificar as características dos materiais e as técnicas do proceso, para as supervisar.
- Identificar a normativa e as medidas de protección ambiental, e analizar a súa repercusión e a aplicación nos procesos produtivos, para garantir o seu cumprimento.
- Identificar os perigos e os riscos asociados á propia actividade profesional en relación coas súas medidas de control, prevención e protección, para cumprir as normas establecidas nos plans de seguridade alimentaria e de prevención de riscos laborais.
- Identificar as ferramentas asociadas ás tecnoloxías da información e da comunicación, e recoñecer o seu potencial como elemento de traballo, para a súa aplicación.
- Valorar as actividades de traballo nun proceso produtivo, e identificar a súa achega ao proceso global, para participar activamente nos grupos de traballo e conseguir os obxectivos da produción.
- Describir os papeis de cada compoñente do grupo de traballo e identificar, en cada caso, a responsabilidade asociada, para a súa organización.

E as competencias do título:

- Planificar os procesos produtivos, asignando equipamentos e instalacións en función do produto que se vaia elaborar.



ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

- Programar e organizar a produción alimentaria e os sistemas automáticos de produción tendo en conta as esixencias de calidade, seguridade e protección ambiental establecidas.
- Conducir as operacións de elaboración de produtos alimentarios, resolvendo as continxencias que se presenten.
- Supervisar as operacións de envasamento, embalaxe e etiquetaxe en condicións de calidade e seguridade.
- Programar e supervisar o mantemento e a operatividade dos equipamentos e das instalacións para garantir o funcionamento en condicións de hixiene, calidade, eficiencia e seguridade.
- Supervisar durante o proceso produtivo a utilización eficiente dos recursos, a recollida selectiva, a depuración e a eliminación dos residuos, garantindo a protección ambiental de acordo coa normativa e cos plans da empresa.
- Aplicar a normativa de seguridade alimentaria e de prevención de riscos laborais, así como a lexislación específica dos sectores da industria alimentaria.
- Aplicar as tecnoloxías da información e da comunicación requiridas nos procesos produtivos e nas áreas do seu ámbito profesional.
- Organizar e coordinar o traballo en equipo, asumindo o liderado, mantendo relacións profesionais fluídas e comunicándose con respecto e sentido de responsabilidade no ámbito da súa competencia, tendo en conta a xerarquía da empresa.
- Cumprir os obxectivos da produción, colaborando co equipo de traballo e actuando conforme os principios de responsabilidade e tolerancia.
- Adaptarse a diferentes postos de traballo e a novas situacións laborais, orixinados por cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos produtivos.
- Resolver problemas e tomar decisións individuais seguindo as normas e os procedementos establecidos, definidos dentro do ámbito da súa competencia.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

| U.D.   | Título   | Descrición   | Duración (sesións) | Peso (%) | Resultados de aprendizaxe |      | Resultados de aprendizaxe |      |      | Resultados de aprendizaxe |
|--------|--|--|--------------------|----------|---------------------------|------|---------------------------|------|------|---------------------------|
|        |  |  |                    |          | MP0465_13                 |      | MP0465_23                 |      |      | MP0465_33                 |
|        |  |  |                    |          | RA 1                      | RA 2 | RA 1                      | RA 2 | RA 3 | RA 1                      |
| 1      | Acondicionamento e transformación das materias primas. | Nesta unidade se tratarán as principais operacións que se levan a cabo das materias primas para o seu posterior procesamento.              | 24                 | 15       | X                         |      |                           |      |      |                           |
| 2      | Elaboración de alimentos.                              | Esta unidade recolle a elaboración de diferentes alimentos, prestando especial atención ao diagrama de fluxo e o sistema APPCC.            | 16                 | 10       |                           | X    |                           |      |      |                           |
| 3      | Conservación de alimentos por calor.                   | Unidade na que se tratarán os principais métodos de conservación por calor: pasteurización, esterilización e UHT.                          | 35                 | 22       |                           |      | X                         |      |      |                           |
| 4      | Conservación por baixas temperaturas                   | Principais métodos de conservación por baixas temperaturas: refraxeración e conxelación.   | 27                 | 17       |                           |      |                           | X    |      |                           |
| 5      | Conservación por secado e concentración.               | Nesta unidade trataranse os principais métodos de conservación por diminución do contido de auga dos alimentos como: secado e concentrado. | 18                 | 11       |                           |      |                           |      | X    |                           |
| 6      | Envases e embalaxes.                                   | Nesta unidade estudarase o envasado, etiquetado e embalado dos produtos alimentarios.  | 40                 | 25       |                           |      |                           |      |      | X                         |
| Total: |  |  | 160                |          |                           |      |                           |      |      |                           |

**4. Por cada unidade didáctica**
**4.1.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD   | Duración |
|-----|--|----------|
| 1   | Acondicionamento e transformación das materias primas. | 24       |

**4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo  | Completo |
|--|----------|
| RA1 - Organiza o acondicionamento e a transformación das materias primas, e xustifica as operacións e os equipamentos seleccionados. | SI       |

**4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

| Obxectivos específicos  | Act | Título das actividades   | Duración (sesións) |
|---|-----|--|--------------------|
| 1.1 Describir as técnicas, equipamentos e materias primas das operacións de separación de compoñentes, limpeza, selección, clasificación, pelado, redución de tamaño, distribución homoxénea, moldeamento e conformación de masas, cocción e inactivación enzimática. | 1   | Preparación e transformación. (Inclúe presentación do módulo). | 14,0               |
| 2.1 Saber realizar as operacións de preparación e transformación.   | 2   | Prácticas de acondicionamento e transformación.                | 10,0               |
| <b>TOTAL</b>  |     |  | <b>24</b>          |

**4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación   | Instrumentos de avaliación  | Mínimos exigibles | Peso cualificación (%) |
|---|---|-------------------|------------------------|
| CA1.1 Descríbense as operacións unitarias de preparación e transformación das materias primas.  | <ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - As operacións unitarias de preparación e transformación das materias primas.</li> </ul>                                       | S                 | 44                     |
| CA1.2 Caracterízense os equipamentos de preparación e transformación das materias primas, e describiuse o seu funcionamento, a súa constitución e os seus dispositivos de seguridade. | <ul style="list-style-type: none"> <li>PE.2 - Os equipamentos de preparación e transformación das materias primas.</li> </ul>   | N                 | 16                     |
| CA1.3 Determináronse as operacións de preparación e transformación en función das materias primas e dos produtos que se vaian elaborar.   | <ul style="list-style-type: none"> <li>TO.1 - As operacións de preparación e transformación en función das materias primas e dos produtos que se vaian elaborar.</li> </ul> | N                 | 4                      |
| CA1.4 Supervisouse a preparación e a regulación dos equipamentos en función dos requisitos do proceso e os seus parámetros de control.  | <ul style="list-style-type: none"> <li>TO.2 - Preparación e regulación dos equipamentos</li> </ul>  | N                 | 2                      |
| CA1.5 Controláronse as operacións de preparación e transformación en función das características das materias primas e dos produtos que se vaian obter.                               | <ul style="list-style-type: none"> <li>TO.3 - Control das operacións de preparación e transformación das materias primas.</li> </ul>  | S                 | 20                     |
| CA1.6 Contrastáronse as características das materias primas acondicionadas coas especificacións establecidas.   | <ul style="list-style-type: none"> <li>TO.4 - Características das materias primas</li> </ul>  | N                 | 2                      |
| CA1.7 Adoptáronse medidas de seguridade no manexo dos equipamentos e na manipulación das materias primas.   | <ul style="list-style-type: none"> <li>TO.5 - Seguridade no manexo dos equipamentos</li> </ul>  | N                 | 10                     |
| CA1.8 Identifícanse os contaminantes que acompañan as materias primas e os residuos xerados, e separáronse de xeito selectivo.  | <ul style="list-style-type: none"> <li>TO.6 - Contaminantes que acompañan as materias primas</li> </ul>   | N                 | 2                      |
| <b>TOTAL</b>  |   |                   | <b>100</b>             |

**4.1.e) Contidos**

| Contidos   |
|--|
| Selección e clasificación das materias primas: fundamentos, métodos, equipamentos de proceso e parámetros de control.  |
| Medidas de seguridade no uso dos equipamentos de acondicionamento e transformación de materias primas.   |
| Contaminantes das materias primas.   |
| Residuos xerados durante as operacións de acondicionamento e a súa recollida selectiva.  |
| Limpeza por vía húmida e por vía seca: finalidade, condicións de desenvolvemento, métodos, equipamentos de proceso e parámetros de control.                      |
| Peladura: características, métodos, equipamentos de proceso e parámetros de control.   |
| Redución de tamaño: fundamentos, métodos, equipamentos de proceso e parámetros de control.   |
| Separación de compoñentes: obxectivos, fundamentos, métodos, equipamentos de proceso e parámetros de control.  |
| Inactivación encimática: fundamentos, encimas presentes nas materias primas, métodos e mecanismos de actuación, equipamentos de proceso e parámetros de control. |
| Distribución homoxénea dos compoñentes: características, equipamentos de proceso e parámetros de control.  |
| Moldeamento e conformación de masas: fundamentos, métodos, equipamentos de proceso e parámetros de control.  |
| Cocción: obxectivos, métodos, equipamentos de proceso e parámetros de control.   |

**4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

| Que e para que  | Como   |   |   | Con que   | Como e con que se valora   | Duración (sesións) |
|---|--|---|---|---|--|--------------------|
| Actividade (título e descrición)  | Profesorado (en termos de tarefas)   | Alumnado (tarefas)  | Resultados ou produtos  | Recursos  | Instrumentos e procedementos de avaliación   |                    |
| Preparación e transformación. (Inclúe presentación do módulo). - Coñecemento das diferentes operacións de preparación e transformación. Presentación do módulo na que se incluíra a explicación da programación, das instalacións e as normas xerais. | <ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación dos conceptos teóricos relacionados cos operacións de preparación e transformación. Posteriormente se dará apoio e asesoramento na análise de documentación por parte do alumnado.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>O alumnado analiza documentación técnica, tanto aquela aportada polo docente como a investigada polo propio alumnado.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Apuntamentos sobre as conclusións da documentación analizada e investigada.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Aula de teoría, ordenadores portátiles, medios audiovisuais, pizarra, documentos en aula virtual, libros e revistas técnicas.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - As operacións unitarias de preparación e transformación das materias primas.</li> <li>PE.2 - Os equipamentos de preparación e transformación das materias primas.</li> </ul> | 14,0               |

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

| Que e para que   | Como   |  |   | Con que   | Como e con que se valora   | Duración (sesións) |
|--|--|--|---|---|--|--------------------|
| Actividade (título e descrición)   | Profesorado (en termos de tarefas)   | Alumnado (tarefas)   | Resultados ou produtos  | Recursos  | Instrumentos e procedementos de avaliación   |                    |
|  | Destacar tamén que antes de comezar esta primeira actividade se presentará o módulo, indicando os aspectos máis importantes da programación (con especial referencia aos obxectivos, os mínimos esixibles e os criterios de avaliación e cualificación.). Ademais se fará unha presentación das instalacións e equipamento así como as normas de emprego destes. |  |   |   |  |                    |
| Prácticas de acondicionamento e transformación. - Nesta actividade levarase a cabo o acondicionamento de vexetais e a transformación de masas. | <ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación dos protocolos de dúas prácticas: unha de acondicionamento de materias vexetais (mazás, tomates, etc.) e outra de transformación (panificación). Posteriormente darase apoio no desenvolvemento de ditas labores.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>O alumnado leva a cabo as prácticas de acondicionamento e transformación, tendo en conta as características das materias primas así como as técnicas e o equipamento a empregar.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Materias primas vexetais acondicionadas segundo normativa vixente para comercialización en fresco. Pan. Fichas de control de produción.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Planta de elaboración, materias primas (mazás, tomates, fariña de trigo, etc.), equipos, máquinas e instalacións.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>TO.1 - As operacións de preparación e transformación en función das materias primas e dos produtos que se vaian elaborar.</li> <li>TO.2 - Preparación e regulación dos equipamentos</li> <li>TO.3 - Control das operacións de preparación e transformación das materias primas.</li> <li>TO.4 - Características das materias primas</li> <li>TO.5 - Seguridade no manexo dos equipamentos</li> <li>TO.6 - Contaminantes que acompañan as materias primas</li> </ul> | 10,0               |
| <b>TOTAL</b>   |  |  |   |   |  | <b>24,0</b>        |

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD              | Duración |
|-----|---------------------------|----------|
| 2   | Elaboración de alimentos. | 16       |

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo   | Completo |
|---|----------|
| RA2 - Elabora produtos alimentarios, logo de seleccionar as operacións de acondicionamento, preparación, transformación e conservación. | SI       |

**4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

| Obxectivos específicos  | Act | Título das actividades   | Duración (sesións) |
|---|-----|--------------------------|--------------------|
| 1.1 Coñecer a importancia na industria alimentaria do sistema APPCC. Destacando o diagrama de fluxo, a identificación de PCC e os rexistros de control. | 1   | APPCC                    | 10,0               |
| 2.1 Producir diferentes alimentos tendo en conta: operacións, equipamento e características dos produtos obtidos.                                       | 2   | Procesos de elaboración. | 6,0                |
| <b>TOTAL</b>  |     |                          | <b>16</b>          |

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación  | Instrumentos de avaliación  | Mínimos exixibles | Peso cualificación (%) |
|--|---|-------------------|------------------------|
| CA2.1 Caracterizouse o produto que se desexe elaborar.   | <ul style="list-style-type: none"> <li>TO.1 - Produto que se desexe elaborar.</li> </ul>  | N                 | 2                      |
| CA2.2 Seleccionáronse as materias primas e auxiliares de produción, e verificouse a súa idoneidade.  | <ul style="list-style-type: none"> <li>TO.2 - Selección materias primas.</li> </ul>   | N                 | 2                      |
| CA2.3 Enumeráronse as operacións de proceso mediante diagrama de fluxo e estableceuse a súa secuencia.   | <ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - As operacións de proceso mediante diagrama de fluxo.</li> </ul>   | S                 | 36                     |
| CA2.4 Identificáronse os puntos de control críticos (PCC) e definíronse as medidas preventivas, os seus límites críticos, o procedemento de vixilancia e as medidas correctivas. | <ul style="list-style-type: none"> <li>PE.2 - Os puntos de control críticos (PCC) e definíronse as medidas preventivas, os seus límites críticos, o procedemento de vixilancia e as medidas correctivas.</li> </ul> | N                 | 14                     |
| CA2.5 Deseñáronse os rexistros de control do proceso de elaboración, e formalizáronse adecuadamente.   | <ul style="list-style-type: none"> <li>PE.3 - Os rexistros de control do proceso de elaboración, e formalizáronse adecuadamente.</li> </ul>   | N                 | 10                     |
| CA2.6 Preparáronse e reguláronse os equipamentos de acondicionamento, transformación e conservación, en función dos requisitos do proceso.                                       | <ul style="list-style-type: none"> <li>TO.3 - Os equipamentos de acondicionamento, transformación e conservación, en función dos requisitos do proceso.</li> </ul>  | N                 | 2                      |
| CA2.7 Realizáronse as operacións de acondicionamento, preparación, transformación e conservación establecidas.   | <ul style="list-style-type: none"> <li>TO.4 - As operacións de acondicionamento, preparación, transformación e conservación</li> </ul>  | S                 | 20                     |
| CA2.8 Contrastáronse as características dos produtos obtidos coas súas especificacións.  | <ul style="list-style-type: none"> <li>TO.5 - Características dos produtos obtidos coas súas especificacións.</li> </ul>  | N                 | 2                      |
| CA2.9 Aplicáronse as medidas correctivas establecidas ante as desviacións.   | <ul style="list-style-type: none"> <li>TO.6 - Medidas correctivas</li> </ul>  | N                 | 2                      |



| Cráterios de avaliación  | Instrumentos de avaliación  | Mínimos exixibles | Peso cualificación (%) |
|--|---|-------------------|------------------------|
| CA2.10 Adoptáronse medidas de hixiene, seguridade alimentaria, prevención de riscos laborais e protección ambiental. | <ul style="list-style-type: none"> <li>TO.7 - Medidas de seguridade e hixiene.</li> </ul> | N                 | 10                     |
| <b>TOTAL</b>   |   |                   | <b>100</b>             |

#### 4.2.e) Contidos

| Contidos   |
|--|
| <p>Caracterización do produto alimentario que se vaia elaborar.</p> <p>Materias primas e auxiliares de produción: características de calidade.</p> <p>Diagrama de fluxo do proceso de elaboración. Operacións de proceso e secuencia.</p> <p>Identificación dos puntos de control críticos: medidas preventivas, límites críticos, procedemento de vixilancia e medidas correctoras.</p> <p>Equipamentos de proceso: descrición, preparación e regulación.</p> <p>Rexistros de control do proceso: deseño e formalización. Valoración do produto obtido.</p> <p>Adopción de medidas de hixiene, seguridade alimentaria, prevención de riscos laborais e protección ambiental durante o proceso de elaboración.</p> |

#### 4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

| Que e para que   | Como  |  |   | Con que  | Como e con que se valora  | Duración (sesións) |
|--|---|--|---|--|---|--------------------|
| Actividade (título e descrición)                       | Profesorado (en termos de tarefas)  | Alumnado (tarefas)   | Resultados ou produtos  | Recursos   | Instrumentos e procedementos de avaliación  |                    |
| APPCC - Análise de perigos e puntos de control crítico | <ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación dos conceptos teóricos relacionados co diagrama de fluxo e do análise de perigos e puntos de control crítico. Posteriormente apoio na</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Revisión e estudo de diferente documentación aportada polo docente como por exemplo GPCH (Guías de Prácticas Correctas de Hixiene). Búsqueda de nova</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Apuntamentos sobre conceptos teóricos relacionados co diagrama de fluxo e análise de perigos e puntos de control crítico.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Aula de teoría: ordenadores portátiles, proxector, pizarra, documentación da aula virtual, libros e revistas técnicas.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - As operacións de proceso mediante diagrama de fluxo.</li> <li>PE.2 - Os puntos de control críticos (PCC) e definíronse as medidas preventivas, os seus límites críticos, o procedemento de vixilancia e as</li> </ul> | 10,0               |

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

| Que e para que  | Como  |   |  | Con que   | Como e con que se valora   | Duración (sesións) |
|---|---|---|--|---|--|--------------------|
| Actividade (título e descrición)                                      | Profesorado (en termos de tarefas)  | Alumnado (tarefas)  | Resultados ou produtos   | Recursos  | Instrumentos e procedementos de avaliación   |                    |
|   | procura de información por parte do alumnado así como na asimilación de conceptos.  | información.  |  |   | medidas correctivas.<br><br>• PE.3 - Os rexistros de control do proceso de elaboración, e formalizáronse adecuadamente.  |                    |
| Procesos de elaboración. - Fabricar diferentes produtos alimentarios. | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Explicación previa das prácticas de elaboración de diferentes produtos alimentarios. Posteriormente darase apoio no desenvolvemento de ditas prácticas.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Levar a cabo a práctica de elaboración de diferentes produtos da industria alimentaria.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Produtos alimentarios obtidos nas prácticas como por exemplo cervexa artesá.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Taller de elaboración: protocolo de prácticas, EPIS, materias primas, equipos, máquinas e instalacións.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• TO.1 - Produto que se desexe elaborar.</li> <li>• TO.2 - Selección materias primas.</li> <li>• TO.3 - Os equipamentos de acondicionamento, transformación e conservación, en función dos requisitos do proceso.</li> <li>• TO.4 - As operacións de acondicionamento, preparación, transformación e conservación</li> <li>• TO.5 - Características dos produtos obtidos coas súas especificacións.</li> <li>• TO.6 - Medidas correctivas</li> <li>• TO.7 - Medidas de seguridade e hixiene.</li> </ul> | 6,0                |
| <b>TOTAL</b>  |   |   |  |   |  | <b>16,0</b>        |

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD                         | Duración |
|-----|--------------------------------------|----------|
| 3   | Conservación de alimentos por calor. | 35       |

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo  | Completo |
|--|----------|
| RA1 - Conduce os tratamentos de conservación por calor, e describe os seus fundamentos e os parámetros de control. | SI       |

**4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

| Obxectivos específicos   | Act | Título das actividades                | Duración (sesións) |
|--|-----|---------------------------------------|--------------------|
| 1.1 Coñecer os obxectivos, métodos e equipamento relacionados ca conservación de alimentos por calor.              | 1   | Tecnoloxía da conservación por calor. | 21,0               |
| 2.1 Saber aplicar as técnicas e manexar o equipamento relacionado ca pasteurización e esterilización de alimentos. | 2   | Pasteurización e esterilización       | 14,0               |
| <b>TOTAL</b>   |     |                                       | <b>35</b>          |

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación  | Instrumentos de avaliación   | Mínimos exixibles | Peso cualificación (%) |
|--|--|-------------------|------------------------|
| CA1.1 Descríbóronse as alteracións dos alimentos que se controlan pola acción da calor.  | <ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - As alteracións dos alimentos que se controlan pola acción da calor.</li> </ul>   | N                 | 2                      |
| CA1.2 Caracterizáronse os mecanismos de transferencia de calor.  | <ul style="list-style-type: none"> <li>PE.2 - Os mecanismos de transferencia de calor.</li> </ul>  | N                 | 15                     |
| CA1.3 Analizáronse os tratamentos de pasteurización e esterilización térmica dos alimentos.  | <ul style="list-style-type: none"> <li>PE.3 - Os tratamentos de pasteurización e esterilización térmica dos alimentos.</li> </ul>  | S                 | 35                     |
| CA1.4 Caracterizáronse os equipamentos de pasteurización e esterilización térmica, e detallouse o seu funcionamento, a súa constitución e os dispositivos de seguridade.           | <ul style="list-style-type: none"> <li>PE.4 - Os equipamentos de pasteurización e esterilización térmica, e detallouse o seu funcionamento, a súa constitución e os dispositivos de seguridade.</li> </ul> | N                 | 8                      |
| CA1.5 Establecéronse os tratamentos de conservación por calor en función das materias primas e dos produtos que se vaian obter.  | <ul style="list-style-type: none"> <li>TO.1 - Os tratamentos de conservación por calor en función das materias primas e dos produtos que se vaian obter.</li> </ul>  | N                 | 1                      |
| CA1.6 Supervisouse a preparación e a regulación dos equipamentos de pasteurización e esterilización térmica, atendendo aos requisitos do proceso e aos seus parámetros de control. | <ul style="list-style-type: none"> <li>TO.2 - Os equipamentos de pasteurización e esterilización térmica, atendendo aos requisitos do proceso e aos seus parámetros de control.</li> </ul>                 | N                 | 8                      |
| CA1.7 Controlouse o tratamento de pasteurización ou esterilización térmica aplicado.   | <ul style="list-style-type: none"> <li>TO.3 - Pasteurización ou esterilización térmica</li> </ul>  | S                 | 22                     |
| CA1.8 Contrastáronse as características dos produtos obtidos coas especificacións establecidas.  | <ul style="list-style-type: none"> <li>TO.4 - Características dos produtos obtidos coas especificacións establecidas.</li> </ul>   | N                 | 1                      |
| CA1.9 Identificáronse as desviacións e as súas medidas correctoras.  | <ul style="list-style-type: none"> <li>TO.5 - Desviacións e as súas medidas correctoras.</li> </ul>  | N                 | 1                      |
| CA1.10 Adoptáronse medidas de hixiene, seguridade alimentaria, prevención de riscos laborais e protección ambiental.   | <ul style="list-style-type: none"> <li>TO.6 - Seguridade e hixiene.</li> </ul>   | N                 | 7                      |
| <b>TOTAL</b>   |  |                   | <b>100</b>             |

**4.3.e) Contidos**

| Contidos   |
|--|
| Alteracións dos alimentos: causas e factores que interveñen.   |
| Mecanismos de transferencia de calor: fundamentos.   |
| Pasteurización: obxectivos, tipos, equipamentos, parámetros de control, conservación e vida útil dos produtos pasteurizados.           |
| Tratamentos UHT: obxectivos, tipos, equipamentos, parámetros de control, e conservación e vida útil dos produtos esterilizados.        |
| Esterilización térmica: obxectivos, tipos, equipamentos, parámetros de control, e conservación e vida útil dos produtos esterilizados. |
| Interpretación dos gráficos de control dos tratamentos de conservación por calor.  |

**4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

| Que e para que   | Como  |   |  | Con que  | Como e con que se valora   | Duración (sesións) |
|--|---|---|--|--|--|--------------------|
| Actividade (título e descrición)   | Profesorado (en termos de tarefas)  | Alumnado (tarefas)  | Resultados ou produtos   | Recursos   | Instrumentos e procedementos de avaliación   |                    |
| Tecnoloxía da conservación por calor. - Técnicas dos tratamentos de conservación por calor.                  | <ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación e apoio na análise de información técnica relacionada cas técnicas de conservación por calor.</li> </ul>                 | <ul style="list-style-type: none"> <li>Análise da documentación técnica, realizando exercicios escritos e investigando por individual e en grupos.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Exercicios resoltos de conceptos teóricos relacionados ca alteración dos alimentos e o control dos tratamentos de conservación de calor. Apuntamentos sobre a información analizada.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Aula de teoría: ordenadores, proxector, calculadora, pizarra, recursos audiovisuais, documentación aportada polo docente mediante da aula virtual, libros e revistas técnicas.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - As alteracións dos alimentos que se controlan pola acción da calor.</li> <li>PE.2 - Os mecanismos de transferencia de calor.</li> <li>PE.3 - Os tratamentos de pasteurización e esterilización térmica dos alimentos.</li> <li>PE.4 - Os equipamentos de pasteurización e esterilización térmica, e detallouse o seu funcionamento, a súa constitución e os dispositivos de seguridade.</li> </ul> | 21,0               |
| Pasteurización e esterilización - Desenvolvemento e control da pasteurización e esterilización de alimentos. | <ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación dos protocolos de prácticas e posterior apoio e asesoramento na pasteurización e esterilización de alimentos.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Levar a cabo e controlar a pasteurización e esterilización de alimentos.</li> </ul>                                    | <ul style="list-style-type: none"> <li>Alimentos pasteurizados e esterilizados. Rexistros de control.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>Planta de elaboración: protocolo de prácticas, intercambiador de calor de placas, autoclave vertical e diferentes alimentos.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>TO.1 - Os tratamentos de conservación por calor en función das materias primas e dos produtos que se vaian obter.</li> <li>TO.2 - Os equipamentos de pasteurización e esterilización térmica, atendendo aos requisitos do proceso e</li> </ul>  | 14,0               |

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

| Que e para que                   | Como                               |                    |                        | Con que  | Como e con que se valora   | Duración (sesións) |
|----------------------------------|------------------------------------|--------------------|------------------------|----------|--|--------------------|
| Actividade (título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación   |                    |
|                                  |                                    |                    |                        |          | aos seus parámetros de control. <ul style="list-style-type: none"> <li>• TO.3 - Pasteurización ou esterilización térmica</li> <li>• TO.4 - Características dos produtos obtidos coas especificacións establecidas.</li> <li>• TO.5 - Desviacións e as súas medidas correctoras.</li> <li>• TO.6 - Seguridade e hixiene.</li> </ul> |                    |
| <b>TOTAL</b>                     |                                    |                    |                        |          |  | <b>35,0</b>        |

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD                         | Duración |
|-----|--------------------------------------|----------|
| 4   | Conservación por baixas temperaturas | 27       |

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo   | Completo |
|---|----------|
| RA2 - Aplica tratamentos de conservación por baixas temperaturas, e describe as técnicas e os equipamentos de procesamento. | SI       |

**4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

| Obxectivos específicos  | Act | Título das actividades               | Duración (sesións) |
|---|-----|--------------------------------------|--------------------|
| 1.1 Coñecer como se aplica o frío en conservación de alimentos, realizando cálculo de instalacións e interpretando o seu control. | 1   | O frío na conservación de alimentos. | 16,0               |
| 2.1 Saber aplicar os métodos e sistemas de conservación por baixas temperaturas.  | 2   | Refrixeración e conxelación.         | 11,0               |
| <b>TOTAL</b>  |     |                                      | <b>27</b>          |

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación   | Instrumentos de avaliación  | Mínimos exixibles | Peso cualificación (%) |
|---|---|-------------------|------------------------|
| CA2.1 Xustificouse o emprego do frío na conservación dos alimentos.   | <ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - O emprego do frío na conservación dos alimentos.</li> </ul>   | N                 | 4                      |
